

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 20 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se clasifican postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Os concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei en sesións plenarios que tiveron lugar os días 15 e 9 de xuño de 2006, respectivamente, acordan aprobar definitivamente o expediente polo que se acepta a separación solicitada polo Concello de Cospeito da agrupación dos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, constituída polo Decreto 222/1991, se reordena a agrupación dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostemento en común do posto de interventor e se autoriza a modificación dos estatutos retores desta agrupación. O proxecto de estatutos da agrupación voluntaria foi aprobado en virtude dos acordos plenarios do 22 e 26 de decembro de 2006 dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei.

O Concello de Cospeito, en sesión plenaria que tivo lugar o día 29 de setembro de 2006, aproba definitivamente a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo, e crea o posto de interventor da corporación.

Seguindo a tramitación correspondente, mediante o decreto da Xunta de Galicia, do 19 de abril de 2007, autorízase a separación do Concello de Cospeito da agrupación constituída polos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, e se reordena a agrupación voluntaria dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de interventor.

Sendo necesario clasificar os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional correspondentes á devandita agrupación, así como ao Concello de Cospeito, esta dirección xeral, de conformidade co establecido no artigo 159.1º do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e nos artigos 2 e 9 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e na Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias,

RESOLVE:

Clasificar o posto de traballo de intervención da agrupación voluntaria dos concellos de Castro de

Rei e Outeiro de Rei, así como o posto de intervención do Concello de Cospeito, conforme a seguir se especifica:

Corporación: agrupación dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei.

Posto de traballo: intervención.

Clase: segunda.

Subescala: Intervención-Tesouraría.

Categoría: entrada.

Corporación: Concello de Cospeito.

Posto de traballo: intervención

Clase: segunda.

Subescala: Intervención-Tesouraría.

Categoría: entrada.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá impugnarse directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo o disposto no artigo 46 en relación co 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2007.

P.D. (Orde 12-9-2005)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Directora xeral de Administración local

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 28 de marzo de 2007 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.

Advertido erro nesta orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 70, do mércores 11 de abril, cómpre facer a seguinte corrección:

Os anexos publicados nas páxinas 5.691 e 5.692 deben substituírse polos publicados nas páxinas 5.696 e 5.697.

Corrección de erros.-Orde do 29 de marzo de 2007 pola que se convoca o concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos.

Advertido erro nesta orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 70, do mércores 11 de abril, cómpre facer a seguinte corrección:

Os anexos publicados nas páxinas 5.696 e 5.697 deben substituírse polos publicados nas páxinas 5.691 e 5.692.

Corrección de erros.-Orde do 9 de abril de 2007 pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir habilitación en novas especialidades.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 72, do venres 13 de abril de 2007, cómpre efectuar as seguintes rectificacións:

-Na páxina 5.918, onde di:

«5.9. Comisións de elaboración de informes.

As comisións ... estarán compostas por persoal funcionario de carreira en activo do corpo de inspectores de educación ou do corpo de inspectores ao servizo da administración educativa...».

Debe dicir:

«5.9. Comisións de elaboración de informes.

As comisións ... estarán compostas por persoal funcionario de carreira en activo do corpo de inspectores de Educación ou do corpo de inspectores ao servizo da administración educativa ou funcionarios de carreira docentes exercendo a función inspectora...».

-Na páxina 5.926, onde di:

«14.4. Funcións do titor.

O profesor titor de prácticas dos aspirantes seleccionados ... terá un recoñecemento de 40 horas de formación...».

Debe dicir: «... terá un recoñecemento de 30 horas de formación...».

-Na páxina 5.930, ao final do punto 3.2., que di: «inferiores a dous créditos», deberá engadirse: «ou tamén superiores, no caso de horas impartidas».

-Na páxina 5.933, ao final do punto 3.2., que di: «inferiores a dous créditos», deberá engadirse: «ou tamén superiores, no caso de horas impartidas».

-Na páxina 5.935, no anexo V, onde di: «e/o inspector de Educación», debe dicir: «A secretaría da comisión, co visto e prace do presidente».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 19 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se nomean os tribunais cualificadores de determinadas categorías do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo.

Advertido erro no anexo da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 40, do 26 de febreiro de 2007, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 2.832 no tribunal de grupo auxiliar da función administrativa, membros titulares, vogais

onde di: «Mauro Fernández Dabouza», debe dicir: «Jorge Prado Casal» e en representación das organizacións sindicais, onde di: «José Abuín Arrojo»; debe dicir: «Luis Amoza Botana», e en membros suplentes en representación das organizacións sindicais, onde di: «Luis Amoza Botana», debe dicir: «Juan Carlos Antelo Ferreira», e no tribunal de persoal de servizos xerais en membros titulares en vogais, onde di: «Mauro Fernández Dabouza», debe dicir: «Jorge Prado Casal».

Resolución do 19 de abril de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do organismo.

O número 4 da base sexta da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 155, do 14 de agosto) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que os exercicios de oposición da fase de selección realizaranse nun lugar e á hora anunciada no *Diario Oficial de Galicia*, cun mínimo de cinco días naturais de antelación, polo que, este centro directivo,

RESOLVE:

Primeiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo na fase de oposición do concurso-oposición para o ingreso nas categorías de pinche, grupo auxiliar da función administrativa, persoal de servizos xerais, ATS/DUE e técnico en coidados auxiliares de enfermaría de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 155, do 14 de agosto) para a realización dos exercicios consonte a seguinte distribución:

Día 5 de maio de 2007: ás 10.30 horas: pinche.

Día 6 de maio de 2007: ás 10.00 horas: grupo auxiliar da función administrativa; ás 16.00 horas: persoal de servizos xerais.

Día 12 de maio de 2007: ás 10.00 horas: ATS/DUE.

Día 13 de maio de 2007: ás 10.00 horas: técnico en coidados auxiliares de enfermaría.

Segundo.-Os exercicios realizaranse no recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra).

Os aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.